

MEDALLAS GALICIA 1999
DISCURSO DO SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NO ACTO DE ENTREGA
DAS MEDALLA GALICIA 1999 (extracto)

A XUNTA CONCÉDELLE A MEDALLA DE OURO DE GALICIA 1999 Ó ESCRITOR BRASILEIRO
PAULO COELHO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se concede a Medalla de Ouro de Galicia ó escritor brasileiro Paulo Coelho, autor de O Alquimista e O Peregrino de Compostela (Diario dun mago), en recoñecemento á relevancia da súa traxectoria literaria.

Coas medallas de Galicia trátase de distinguir a tódalas persoas que polos seus méritos ó servizo da Comunidade Autónoma, en calquera aspecto da súa realidade social, cultural e económica, sexan dignas de obte-lo recoñecemento do pobo galego..

MEDALLA DE OURO DE GALICIA 1999
Paulo Coelho

Nacido en 1947 en Rio de Janeiro (Brasil), o autor de O Alquimista ten cultivado na súa obra diversos xéneros literarios como o teatro, a poesía e a narrativa. Así mesmo tamén ten experiencia como director teatral.

Nos seus comezos Paulo Coelho traballou como letrista para os grandes nomes da música popular brasileira, como Elis Regina, Maria Bethania ou Raul Seixas. Ademais exerceu como director artístico para as compañías CBS e Polygram. Pouco despois, traballou como xornalista para o xornal O Globo e como guionista de televisión para O Globo TV. Desde entón ten colaborado en numerosas publicacións de todo o mundo. Diariamente publica a columna titulada Maktub en tres dos xornais de maior difusión do seu país: Folha de Sao Paulo, O Dia e Jornal de Bahia.

No ano 1986 Coelho percorreu o Camiño de Santiago, unha experiencia que inspirou o seu libro O Peregrino de Compostela (Diario dun mago), publicado en 1987. Concibida como a historia dunha iniciación, nesta obra o escritor resucita relatos de templarios, que quedaron estreitamente asociadas co Camiño de Santiago, e actualiza as lendas dos pobos que se atopan na Ruta Xacobeá.

En 1988, coa publicación de O Alquimista, Coelho obtivo recoñecemento internacional como un dos máis importantes escritores contemporáneos. O libro, que tamén relata unha viaxe iniciática, xurdiu do percorrido do autor por todo o mundo e especialmente polo Camiño de Santiago. Brida (1990), Las Valkirias (1992), a recompilación de artigos Maktub (1994), En la orilla del Río Piedra me senté y lloré (1994), La Quinta Montaña (1996) ou Veronika decide morrer (1998), son outras das súas obras.

Paulo Coelho ten vendido máis de 21 millóns de copias dos seus libros e, segundo Le Nouvel Economiste é un dos 15 autores máis vendidos en todo o mundo. A crítica louba a súa poesía, de estilo realista e filosófico, e a súa linguaxe simbólica.

Pola súa banda, O Alquimista é un auténtico fenómeno editorial: best-seller en 18 países, foi traducido a 37 idiomas e editado en 83 países. Xa se levan vendidos 9.500.000 exemplares en todo o mundo dunha obra que foi finalista o Premio Ennio Flaiano de Narrativa e que foi distinguida co galardón Grinzane Cavour. O Alquimista ten servido como fonte de inspiración para varios proxectos artísticos (un musical, unha sinfonía, adaptacións teatrais ou unha edición especial ilustrada polo dibuxante de cómics francés Moebius).

En 1996 Paulo Coelho foi condecorado como Cabaleiro das Artes e as Letras Francesas. Ademais é Comendador da Ordem de Rio Branco (distinción concedida polo Goberno de Brasil en 1998), e posúe o Crystal Award (do Foro Económico Mundial) de 1999. O escritor é asesor especial da UNESCO.